

Informe sobre os cursos de formación en Competencias en Información (CI2 e CIcD) impartidos na Facultade de Medicina e Odontoloxía

1. INTRODUCCIÓN

O aumento exponencial da información científica dende mediados do século XX, o desenvolvemento das TIC, o novo paradigma de ensino-aprendizaxe resultado da integración no EEES, a implantación dunha cultura da calidade e de mellora continua, unha sociedade cambiante que require dunha aprendizaxe permanente ao longo de toda a vida,... existen dotar aos estudantes e investigadores dunha ferramenta que lles axude a transformar a información en coñecemento. Esa ferramenta dáa a adquisición das Competencias en Información (CI).

As CI son o conxunto de coñecementos, habilidades, actitudes e conductas que capacitan aos individuos para recoñecer cando necesitan información, onde localizala, como avaliar a súa idoneidade e como darlle o uso adecuado de acordo ao problema que se lles presente. (Association of College & Research Libraries, ACRL).

A Recomendación 2006/962/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de decembro de 2006, sobre as **competencias clave** para a aprendizaxe permanente (Diario Oficial L 394 de 30.12.2006A) inclúe as CI dentro da **competencia dixital**, e define a esta como unha das **oito competencias clave** que todo estudante debe ter adquirido ao rematar o ensino para poder incorporarse á vida profesional de maneira satisfactoria e ser quen de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

En España, os Libros Brancos da ANECA das diferentes titulacións de Grao para a súa adaptación ao EEES, no punto 6 Valoración das competencias transversais (xenéricas), inclúen ademais da propia habilidade de xestión da información, outra serie de habilidades directamente relacionadas coa formación en competencias informacionais: habilidades de investigación, capacidade de aprender, capacidade de análise e síntese, capacidade de crítica e autocrítica, capacidade para xerar novas ideas (creatividade), preocupación pola calidade, compromiso ético, etc

http://www.aneca.es/var/media/150312/libroblanco_medicina_def.pdf

http://www.aneca.es/var/media/150344/libroblanco_odontologia_def.pdf

Todas estas habilidades están recollidas nas **Memorias dos Graos de Medicina e de Odontoloxía da USC**.

No ano 2014, **Rebiun, Comisión Sectorial da CRUE**, elaborou o documento **“Definición de Competencias en Información (CI)”**, como instrumento de referencia para o desenvolvemento de cursos de formación sobre CI nas bibliotecas universitarias españolas. O documento estrutura as CI en cinco competencias básicas:

CINFO1 - Buscar información: Recoñecer unha necesidade de información, coñecer os recursos nos que esta información se pode localizar e realizar estratexias de busca de maneira eficaz e eficiente.

CINFO2 – Avaliar a información: Avaliar a información e ás súas fontes de forma crítica e incorporar a información seleccionada á súa propia base de coñecemento e o seu sistema de valores.

CINFO3 - Organizar e xestionar a información eficazmente: Organizar e xestionar eficazmente a información reunida.

CINFO4 – Usar, publicar e difundir a información respectando as normas éticas e legais: Usar a información e publicar e difundir o novo coñecemento xerado, respectando a lexislación e normas éticas aplicables.

CINFO5 – Manterse ao día e compartir información en rede: Coñecer e utilizar os diferentes servizos de actualización de información científica ou especializada e compartir información usando as ferramentas de traballo en rede de forma cívica e segura.

O **Artigo 149.1 dos Estatutos da USC** define a Biblioteca Universitaria (BUSC) como *“unha unidade funcional concibida como un centro de recursos para a docencia, a investigación, o estudo e a aprendizaxe, así como para todas aquelas actividades relacionadas co funcionamento e a xestión da Universidade. Como servizo básico ten a misión de facilitar o acceso e a difusión dos recursos de información e colaborar nos procesos de creación de coñecemento, co fin de contribuír á consecución dos obxectivos institucionais da Universidade.”*

O **PLAN ESTRATÉGICO DA BUSC** inclúe entre os obxectivos estratéxicos propostos:

“Contribuír á adquisición de competencias informacionais na comunidade universitaria: A BUSC axudará aos seus usuarios a desenvolver e potenciar as competencias informacionais necesarias hoxe en día para poder xestionar de xeito eficaz a grande cantidade de información técnica e científica dispoñible.”

2. DESCRIPCIÓN E ANÁLISE DOS CURSOS

Así pois, no marco da misión da BUSC, a Biblioteca da Facultade de Medicina e Odontoloxía / Facultade de Enfermaría desenvolve desde o curso 2012-2013 estas competencias a través dun curso de nivel **Básico** para o alumnado de 1º de grao e a partir do curso 2015-2016 con un segundo curso de nivel **Avanzado** impartido nos últimos cursos do Grao, especialmente enfocado para axudar na realización do TFG. Este Nivel Avanzado foi impartido tamén nos cursos de máster. No tramo final deste curso 2016-2017 está prevista a impartición dun novo curso de nivel de **Especialización** dirixido a doutorandos, postdoutorandos, másteres e investigadores.

Os **contidos dos cursos** están estruturados en módulos seguindo as competencias do citado documento de Rebiun

Descrición dos contidos:

NIVEL BÁSICO:

Módulo 1

Reflexión sobre as competencias en información e sobre as necesidades informativas nos estudos de Grao. Xestión do tempo de estudo e traballo.

Módulo 2

Coñecemento da BUSC: servizos, recursos e ferramentas TIC que proporciona.
(Inclúe unha visita obrigada á Biblioteca)

Módulo 3

Concepto e tipoloxía das fontes de información. Buscar na web da BUSC. Uso do catálogo da BUSC e acceso á bibliografía recomendada. Busca na Internet. Avaliación da información.

Módulo 4

Como facer un traballo académico: planeamento, estrutura e organización. O plaxio: citas e referencias bibliográficas.
(Inclúe un Foro de debate sobre o plaxio)

Módulo 5

Comunicación da información: aprender a presentar un traballo académico. O Acceso Aberto á información científica. Compartir información nas redes sociais. A identidade dixital.

NIVEL AVANZADO:

Módulo 1

O TFG: reflexión sobre a finalidade, normativa e necesidades informativas. Xestión do tempo de traballo.

Módulo 2

Servizos, recurso e ferramentas da BUSC cara a investigación. Ferramentas TIC.

Módulo 3

Busca de información científica: fontes, estratexias de busca, coñecemento das bdds.
(2 talleres prácticos sobre buscas en bdds e uso dos xestores bibliográficos).

Módulo 4

Avaliar a información. Revisión da estratexia de busca. Xestionar e organizar por si mesmo a información, mediante xestores bibliográficos e/ou outras ferramentas informáticas para a almacenaxe na nube.

Módulo 5

Elaboración do TFG: planeamento, estrutura. Uso e tratamento da información: as citas e referencias en Vacouver e APA.
(Inclúe un Foro de debate sobre o plaxio)

Módulo 6

Comunicación académica: a presentación do TFG. O Acceso Aberto. Compartir información.

Empezamos a impartir estes cursos, no seu nivel Básico, en formato on-line a través da plataforma Chamilo da Aula Cesga, no curso 2012-2013, pasándoos á plataforma Moodle do Campus virtual a partir do curso 2015-2016.

Estes cursos duran tres semanas, baixo o título *cursos de formación en **Competencias Informacionais na contorna Dixital (CIcD)***, son accesibles e realizables durante as 24 horas do día, e compóñense de módulos teóricos, test de avaliación de cada módulo e test final, con titoriais sobre estratexias de busca e manexo de recursos de información, foros de debate e de dúbidas e suxestións, unha enquisa inicial sobre o nivel de coñecementos previos e outra enquisa final sobre o nivel de satisfacción do alumnado; e unha enquisa de satisfacción do profesorado. Os cursos son titorizados polo persoal técnico da Biblioteca e o alumnado que o supera recibe un diploma de aptitude expedido polo Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe da USC (CeTA). Calculamos a carga formativa de ambos en 25 horas.

O curso de **nivel Básico** inclúe unha **visita breve á Biblioteca** na que o persoal encargado da atención aos usuarios explícalle os principais servizos e recursos ofrecidos pola biblioteca, con especial incidencia no acceso ás **bibliografías recomendadas** en cada materia.

O curso de **nivel Avanzado** ofrece **dous talleres** prácticos de dúas horas de duración cada un, en horario a determinar co alumnado, nos que se traballa o **coñecemento, acceso e manexo** dos principais recursos de información na área das ciencias da saúde, a elaboración de **estratexias de busca** e a **xestión eficiente, ética e legal de referencias bibliográficas**.

Presentamos a continuación un extracto do desenvolvemento e alcance dos Cursos:

2.1. Grao en Medicina

Alumnado de 1º curso. Nivel Básico

CURSO	MATRÍCULA OFICIAL	MATRÍCULA CI2 / CIcD	SUSPENSOS + ABANDONOS	APTOS	ALUMNOS FORMADOS	NOTA MEDIA dos TEST
2012-2013	441	70	6	64	14,51%	84,09%
2013-2014	362	305	25	280	77,34%	90,32%
2014-2015	395	324	29	295	74,68%	89,61%
2015-2016	466	380	17	363	77,89%	92,56%
2016-2017	441	310	10	300	68,02%	95,95%
2012-2016	2105	1389	87	1302	61,85%	90,51%

Táboa de datos sobre o grao de participación e o nivel de aptitude acadado polo alumnado de 1º de Medicina

Comentarios:

- O 1º ano ofertouse o curso como unha actividade voluntaria sen ligazón a ningunha materia que se concretou nunha frouxa porcentaxe de alumnos formados, un 14,5 % da matrícula oficial.

- A partir do 2º ano incluíuse na **guía docente** da materia *Iniciación á Investigación* coa consideración de valorable na nota final da materia para os “aptos”, o que supuxo un incremento da porcentaxe de alumnos formados ata un 77% da matrícula oficial.
- A porcentaxe de formación acadada no alumnado de 1º de grao, no quinquenio 2012-2016 é do 61,85% da matrícula oficial. Se o facemos a partir de 2013, unha vez que o curso foi incluído na guía docente da materia, a porcentaxe elévase ao 74,48 % do total da matrícula oficial.
- Nos últimos cinco cursos, 1.302 alumnos de 1º de Grao realizaron o curso completo superando as avaliacións de todos os test.
- Dedúcese que para que a formación en CI poida chegar ao maior número do alumnos revélase **imprescindible a inclusión do curso como de realización obrigatoria** e/ou ben computable, coma neste caso, na nota final da materia.




Gráfico sobre o grao de participación e o nivel de aptitude acadado polo alumnado de 1º de Medicina

A **Enquisa Final de Satisfacción** permítenos obter datos sobre a valoración que os alumnos fan de diferentes aspectos do curso. Todas as preguntas, se ben en diferente grao, deixan unha valoración positiva do curso. Amosamos como exemplo os resultados das respostas á pregunta sobre o **grao de cumprimento dos obxectivos do curso**. Valoración de 0 a 5, onde 0-2: grao baixo ou moi baixo; 3: grao suficiente; 4-5: grao alto ou moi alto de satisfacción.

CURSO	RESPOSTAS	Valoración 0-2	Valoración 3	Valoración 4-5
2012-2013	52	0%	19%	81%
2013-2014	157	11%	27%	62%
2014-2015	212	5,50%	32%	62,50%
2015-2016	251	5%	34,50%	60,50%
2016-2017	251	11%	31,50%	57,50%
2012-2016 (media)	185	6,50%	28,80%	64,70%

Táboa de datos sobre a valoración do grao de cumprimento dos obxectivos do curso que fai o alumnado de 1º de Medicina

Comentarios:

Como se aprecia na táboa, no quinquenio 2012-2016, unha media do 64,70% do alumnado considera que os obxectivos do curso cumpríronse cun grao de satisfacción alto ou moi alto, un 28,80% cun grao suficiente, e só un escaso 6,50% manifesta non ver cumpridos os obxectivos do curso.




Gráfico sobre a valoración do grao de cumprimento dos obxectivos do curso que fai o alumnado de 1º de Medicina

Alumnado de 5º e 6º curso. Nivel Avanzado

CURSO	MATRÍCULA OFICIAL	MATRÍCULA ClcD	APTOS	SUSPENSOS + ABANDONOS	ALUMNOS FORMADOS	NOTA MEDIA dos TEST
2016-2017 (6º)	402	213	156	57	39%	87,93%
2016-2017 (5ª)	346	214	189	52	55%	91,02%
TOTAIS e MEDIA:	748	454	345	109	47%	90,44%

Táboa de datos sobre o grao de participación e o nivel de aptitude acadado polo alumnado de 5º e 6º de Medicina

Comentarios:

- O curso é voluntario e ofértase co acordo dos coordinadores das materias, que recomendan a súa realización aos alumnos. Faise unha clase de presentación inmediatamente antes do comezo do mesmo.
- Dado o relativo baixo nivel de asistencia na materia *TFG* de 6º (novembro-décembro 2016) e porque pensamos, dacordo cos coordinadores do TFG, que os alumnos necesitan realizar o curso antes, decidimos ofertalo tamén en 5º vinculado á materia *Medicina Preventiva e Saúde Pública* (marzo-abril 2017).
- A porcentaxe de alumnos que comeza e finaliza o curso con apto en 5º é maior que en 6º. Cremos que ten que ver coa súa maior dispoñibilidade de tempo.
- Os alumnos de 6º, en pleno proceso de prácticas polos distintos Centros Asistenciais de Galicia, parecen ter bastante menos dispoñibilidade para realizar o Curso. Aínda así, un 39% superárono, preocupándose incluso eles mesmos de organizar as clases prácticas. Para facilitar a máxima asistencia ás mesmas, desdobramos os dous talleres en varias quendas de mañá e tarde.
- O número de alumnos que, unha vez comezado, remata o Curso con éxito é moi alto. Isto indica o elevado interese que esperta neles, corroborado pola opinión manifestada na enquisa final de satisfacción.
- A menor porcentaxe de participación nos cursos, e de alumnado formado, comparado co nivel Básico, cremos que, ademais de á carga lectiva e á ocupación das prácticas, obedece a tres razóns principais:
 - ✓ Á voluntariedade do mesmo.
 - ✓ A non estar incluído na Guía docente das materias e non ter recoñecemento na avaliación final da materia. E
 - ✓ Ao descoñecemento da utilidade do curso que teñen moitos alumnos que non poden ou simplemente non asisten á presentación do mesmo.




Gráfico sobre o grao de participación e o nivel de aptitude acadado polo alumnado de 5º e 6º de Medicina

Conclusións extraídas da Enquisa final de satisfacción:

- Nun grao alto ou moi alto o alumnado considera que o curso se adaptou ás súas necesidades de formación.
- O alumnado expresa en xeral un alto grao de satisfacción tanto cos contidos do curso como coa atención recibida por parte dos titores.
- Case o 80% do alumnado considera o curso útil ou moi útil para a súa formación na xestión da información.
- Case o 75% opina que o curso é útil ou moi útil para o coñecemento dos recursos de información.
- O 70% pensa que o curso é útil ou moi útil para a súa formación académica e profesional.
- O 75% do alumnado está de acordo ou moi de acordo en recomendar o curso aos seus compañeiros.
- Moi poucos alumnos de 6º, en torno a 30, asistiron ás clases presenciais por problemas de dispoñibilidade. En cambio, no curso impartido aos alumnos de 5º, o nivel de participación nas clases presenciais foi moito máis alto: por riba de 100. Nas dúas edicións do Curso, varios asistentes expresan, nos comentarios libres da enquisa, a súa satisfacción coas clases prácticas e piden que se ofrezan máis.
- En base á experiencia deste curso pensamos que o nivel Avanzado para TFG debe impartirse ligado a unha materia de 5º curso e, probablemente para facilitar a súa realización a un maior número de alumnos, tamén na materia TFG para aqueles que non o teñan realizado.

Vexamos dous exemplos concretos dos datos extraídos das respostas do alumnado a dúas preguntas da **Enquisa final de satisfacción**:

En que grao se cumpriron os obxectivos do curso. Valoración entre 0 e 5, onde 0-2: grao baixo ou moi baixo; 3: grao suficiente; 4-5: grao alto ou moi alto de satisfacción.

Curso	Respostas	Valoración 0-2	Valoración 3	Valoración 4-5
2016-2017 (5º)	141	5%	21%	74%
2016-2017 (6º)	125	10%	29%	61%
TOTAL e MEDIA	266	7,5 %	25%	67,5%

Táboa sobre a valoración do alumnado de 5º e 6º de Medicina a respecto do grao de cumprimento dos obxectivos do curso

Comentarios:

Nos dous cursos impartidos o 67,50% do alumnado considera que o cumprimento dos obxectivos do curso acadou un grao alto ou moi alto e o 25% un grao suficiente, fronte a un 7,5% que o considera baixo ou moi baixo.




Gráfico sobre a valoración do alumnado de 5º e 6º de Medicina a respecto do grao de cumprimento dos obxectivos do curso

Valora o grao de aprendizaxe en novos coñecementos e habilidades informacionais:

Curso	Respostas	Valoración 0-2	Valoración 3	Valoración 4-5
2016-2017 (5º)	141	3%	15%	82%
2016-2017 (6º)	125	8%	18%	74%
TOTAL e MEDIA	266	5,5%	16,5%	78%

Táboa de datos sobre a valoración do alumnado de 5º e 6º de Medicina a respecto do grao de cumprimento dos obxectivos do curso

Comentarios:

Nos dous cursos impartidos o 78% do alumnado considera nun grao alto ou moi alto que o curso lle proporcionou unha aprendizaxe de novos coñecementos e habilidades na xestión da información e o 16,5% un grao suficiente, fronte a un 5,5% que o considera nun grao baixo ou moi baixo.




Gráfico sobre a valoración do alumnado de 5º e 6º de Medicina a respecto do grao de cumprimento dos obxectivos do curso

2.2. Grao en Odontoloxía

Alumnado de 1º de grao. Nivel Básico

CURSO	MATRÍCULA OFICIAL	MATRÍCULA CI2 / CIcD	SUSPENSOS + ABANDONOS	APTOS	ALUMNOS FORMADOS	NOTA MEDIA dos TEST
2012-2013	42	29	1	28	66%	88,33%
2013-2014	40	34	1	33	82%	84,87%
2014-2015	57	42	9	33	58%	75,26%
2015-2016	50	38	2	36	72%	88,83%
2016-2017	62	50	0	50	80%	95,30%
2012-2016	251	193	13	180	72%	86,52%

Táboa de datos sobre o grao de participación e o nivel de aptitude acadado polo alumnado de 1º de Odontoloxía

Comentarios:

- Dende o primeiro curso constátase unha alta participación do alumnado nos cursos de formación, superándose o 65% de alumnos formados.

- A partir do 2º ano incluíuse na guía docente da materia *Historia da odontoloxía e documentación (Introdución á odontoloxía)* coa consideración de valorable na nota final da materia para os “aptos”, o que significou incrementar a porcentaxe de alumnos formados ata un 82% da matrícula oficial.
- Nos últimos cinco cursos, 180 alumnos de 1º de Grao realizaron o curso completo superando as avaliacións de todos os test, o que supón o 72% da matrícula oficial.
- Dedúcese dos datos de participación que para que a formación en CI poida chegar ao maior número do alumnos revélase **imprescindible a inclusión do curso como de realización obrigatoria** e/ou ben computable, coma neste caso, na nota final da materia.




Gráfico sobre o grao de participación e o nivel de aptitude acadado polo alumnado de 1º de Odontoloxía

A **Enquisa final de satisfacción** permítenos obter datos sobre a valoración que os alumnos fan de diferentes aspectos do curso. Todas as preguntas, se ben en diferente grao, deixan unha valoración positiva do curso. Amosamos como exemplo os resultados das respostas á pregunta sobre o **grao de cumprimento dos obxectivos do curso**.

Valoración de 0 a 5, onde 0-2: grao baixo ou moi baixo; 3: grao suficiente; 4-5: grao alto ou moi alto de satisfacción.

CURSO	RESPOSTAS	Valoración 0-2	Valoración 3	Valoración 4-5
2012-2013	16	0	12,50%	87,50%
2013-2014	18	5,50%	22%	72,50%
2014-2015	23	4%	21,75%	74,25%
2015-2016	18	5%	10,50%	84,50%
2016-2017	46	17%	19,50%	63,50%

2012-2016 (media)	121	6,3%	17,25%	76,45%
--------------------------	-----	------	--------	--------

Táboa de datos sobre a valoración do alumnado de 5º e 6º de Medicina a respecto do grao de cumprimento dos obxectivos do curso

Comentarios:

Como se aprecia nesta táboa, no quinquenio 2012-2016, unha media do 76,45% do alumnado considera que os obxectivos do curso cúmprense con un grao de satisfacción alto ou moi alto, un 17,25% con un grao suficiente, e só un escaso 6,30% manifesta non ver cumpridos os obxectivos do curso.




Gráfico sobre a valoración do alumnado de 5º e 6º de Medicina a respecto do grao de cumprimento dos obxectivos do curso

Alumnado de 4º e 5º de grao. Nivel Avanzado

CURSO	MATRÍCULA OFICIAL	MATRÍCULA CI2 / CIcD	APTOS	SUSPENSOS + ABANDONOS	ALUMNOS FORMADOS	NOTA MEDIA dos TEST
2015-2016 (5º)	41	32	31	1	75 %	83,63%
2016-2017 (5º)	33	32	27	5	82 %	91,46%
2016-2017 (4º)	45	35	28	7	62 %	90,07%

Táboa de datos sobre o grao de participación e o nivel de aptitude acadado polo alumnado de 4º e 5º de Odontoloxía

Comentarios:

- No curso 2016-2017, para facilitar o acceso dos alumnos ao curso e porque cremos que necesitan realizalo antes, ademais de en 5º curso vinculado á materia *TFG*, ofertámolo tamén en 4º curso vinculado á materia *Odontoloxía Legal, Ética e Profesionalismo*.
- curso é voluntario e ofertouse co acordo dos coordinadores das materias, que recomendaron a súa realización aos alumnos.

- O número de alumnos que, unha vez comezado, remata o curso con éxito é moi alto. Isto indica o elevado interese que esperta neles, corroborado polos comentarios libres que fan na Enquisa final de satisfacción.




Gráfico sobre o grao de participación e o nivel de aptitude acadado polo alumnado de 5º e 6ª de Odontoloxía

A **Enquisa Final de Satisfacción** permítenos obter datos sobre a valoración que os alumnos fan de diferentes aspectos do curso. Todas as preguntas, se ben en diferente grao, deixan unha valoración positiva do curso.

Comentarios:

- Nun grao alto ou moi alto o alumnado considera que o curso se adaptou ás súas necesidades de formación.
- O alumnado expresa en xeral un alto grao de satisfacción tanto cos contidos do curso como coa atención recibida por parte dos titores.
- Case o 60% do alumnado considera o curso útil ou moi útil para a súa formación na xestión da información.
- Case o 70% opina que o curso é útil ou moi útil para o coñecemento dos recursos de información.
- Máis do 60% pensa que o curso é útil ou moi útil para a súa formación académica e profesional.
- A maioría do alumnado está de acordo ou moi de acordo en recomendar o curso aos seus compañeiros.
- Por razóns de dispoñibilidade dos alumnos, só se impartiron clases presenciais (talleres) na edición para 4º curso do ano académico 2016-17. Nos comentarios libres

da Enquisa expresan a súa satisfacción coas clases prácticas e piden que se ofrezan máis.

- En xeral, o nivel de satisfacción co curso é máis alto na edición na que se impartiron clases prácticas.

Amosamos como exemplo os resultados das respostas a dúas preguntas da Enquisa final de satisfacción:

Valoración de 0 a 5, onde 0-2: grao baixo ou moi baixo; 3: grao suficiente; 4-5: grao alto ou moi alto de satisfacción.

Valora o **Grao de cumprimento dos obxectivos do curso**:

CURSO	Respostas	Valoración 0-2	Valoración 3	Valoración 4-5
2015-2016 (5º)	14	26,50%	6,5%	67%
2016-2017 (5º)	18	22%	50%	28%
2016-2017 (4º)	22	0%	32%	68%
Valora o Grao de aprendizaxe en novos coñecementos e habilidades informacionais:				
2015-2016 (5º)	14	13%	33%	54%
2016-2017 (5º)	18	0	67%	33%
2016-2017 (4º)	22	5%	14%	81%
MEDIA:	18	11,08	33,75	55,17%

Comentarios:

Unha media de algo máis da metade do alumnado atribúe unha valoración alta ou moi alta nestas dúas preguntas, se ben con notables diferenzas á baixa entre os alumnos de 5º e 4º curso, especialmente neste curso (2016-2017). Iso lévanos a indagar sobre as posibles causas, unha delas, intuída nos comentarios libres da Enquisa final, pode ser a non realización das clases prácticas por non atopar datas que lle fosen ben a todos. Veremos se os resultados do próximo curso, realizadas as clases prácticas, confirman esta tendencia ou se debe a un nivel de coñecementos maior no alumnado de 5º, por exemplo.

2.3. Másters

Do mesmo xeito que nos cursos da titulación de Grao, a Biblioteca impartiu o curso de formación en ClcD ao alumnado do **Máster Universitario en Saúde Pública** (que o ten introducido na súa Guía docente) e talleres presenciais aos **Máster Universitario en Ciencias Odontolóxicas** (neste momento pechado) e ao **Máster Propio en Medicina Oral, Cirurxía Oral e Implantoloxía**.

Os resultados do **Máster Universitario en Saúde Pública** son moi semellantes aos descritos nos cursos Grao e as consideracións en canto á necesidade da súa introdución na guía docente, obrigatoriedade e recoñecemento na puntuación final da materia TFM fanse igualmente necesarias para asegurar a súa realización pola maior parte dos alumnos.

Como xa se di anteriormente, o próximo curso académico o alumnado dos másteres recibirá o curso de formación de **Nivel Especializado**. Este curso seralle ofertado a todos os másteres impartidos na Facultade.

2.4. Desagregado dos cursos Competencias en Información impartidos na Facultade de Medicina e Odontoloxía no curso académico 2016-2017

TITULACIÓN	NIVEL DO CURSO	MATERIA	MATRÍCULA OFICIAL NA MATERIA	ALUMNOS REALIZAN O CURSO	ALUMNOS APTOS	ALUMNOS FORMADOS Versus MATRÍCULA OFICIAL
1º, Grao de Medicina	Básico	<i>Iniciación á Investigación</i>	441	310	300	68%
5º, Grao de Medicina	Avanzado	<i>Medicina Preventiva e Saúde Pública</i>	346	241	189	55%
6ª Grao Medicina	Avanzado	<i>TFG</i>	402	213	156	39%
1º Grao Odontoloxía	Básico	<i>Historia da odontoloxía e documentación</i>	62	50	50	80%
4º Grao Odontoloxía	Avanzado	<i>Odontoloxía Legal, Ética e Profesionalismo</i>	45	35	28	62%
5º Grao Odontoloxía	Avanzado	<i>TFG</i>	33	32	27	82%
Máster Saúde Pública	Avanzado	<i>TFM</i>	13	13	9	69%
TOTAL e MEDIA			1.342	894	759	56,5%

Comentarios:

O máis destacado deste desagregado do curso actual é:

- O elevado nivel de formación acadado na titulación de Odontoloxía
- O relativamente importante nivel acadado en Medicina

- Un 56,5% do alumnado oficial de ámbalas dúas titulacións, 759 alumnos, resultou APTO nos cursos de formación en Competencias Informacionais
- O reto de chegar a unha maior porcentaxe do alumnado, sobre todo en Medicina.

3. Conclusións finais:

A partires dos datos estatísticos que nos ofrece a plataforma Moodle do Campos Virtual, dos resultados da enquisa de satisfacción que acompaña a cada curso, e da información que xera a interacción cos estudantes nos foros do curso, extraemos as seguintes conclusións:

- Alta participación do alumnado nos cursos de nivel Básico en 1º de Grao, tanto en Medicina como en Odontoloxía.
- A menor participación no curso avanzado de 6º de Medicina, debida á pouca dispoñibilidade dos alumnos pola súa dispersión na realización das prácticas, levounos a convocar o mesmo curso para os alumnos de 5º, no que tivo unha maior aceptación.
- No caso de 5º de Odontoloxía, a pesares da alta participación, optouse por impartir o curso tamén para os alumnos de 4º, acadando igualmente unha importante participación.
- Por unha banda, a Normativa de elaboración do TFG indica que o alumno poderá iniciar o desenvolvemento do mesmo con anterioridade ao último curso; por outra banda, constatamos a existencia de problemas de dispoñibilidade no último curso. Isto lévanos a considerar adecuado impartir o curso Avanzado centrado na elaboración do TFG no penúltimo e no último curso de cada titulación, porque así acadaremos un maior número de alumnos formados.
- Elevado descoñecemento dos contidos acompañado dunha grande interese pola adquisición das competencias informacionais.
- Os alumnos outorgan unha alta utilidade aos coñecementos e habilidades adquiridas nos cursos para a súa formación académica e o desenvolvemento profesional futuro.
- Nos cursos de nivel Avanzado, os talleres prácticos de busca bibliográfica e xestión da información son altamente valorados; do mesmo xeito, demándase a realización de prácticas sobre a metodoloxía de realización dos TFG/TFM. Isto lévanos a valorar a necesidade de aumentar as clases prácticas.
- A pesar da súa voluntariedade constátase un elevado número de alumnos que, unha vez comezado, rematan o curso. Indicativo do grao de interese e utilidade que esperta neles.

Consideracións dos titores dos cursos:

- A literatura profesional sobre as CI, a normativa legal, a nosa experiencia profesional e a opinión dos estudantes recollida nos cursos, demanda a implantación da formación en Competencias Informacionais dun xeito estable nos estudos de Grao, nos niveis Básico e Avanzado.

- Igualmente os estudos de Máster e Doutoramento deben incorporar nos seus currículos a adquisición das CI, con un curso de formación de nivel Especializado.
- A vía que nós consideramos máis doada, rápida e menos burocrática, e de probada efectividade nestes cinco anos de experiencia, é a inclusión dos cursos de formación na guía docente dunha materia, acompañada dun recoñecemento explícito na puntuación final da mesma ou especificando a súa obrigatoriedade.

NOTA final sobre os datos estatísticos:

Detectamos importantes diferenzas nos datos estatísticos da matrícula oficial entre os datos do alumnado matriculado oficialmente na materia, proporcionados pola xestora de centro e os da matrícula no curso de formación que extrae o CeTA de Xescampus, que nalgún caso varía de forma moi significativa. É o caso de 1º de Medicina deste curso que, dacordo cos datos da coordinadora da materia de *Iniciación á Investigación*, elevaría a porcentaxe de alumnos formados d0 68% ao 84,5%. Aspectos que habería que contrastar para maior rigurosidade nas conclusións sobre a porcentaxe de formación acadada.

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2017